

HISTORIA DUNHA PAIXÓN

160

[Terence Davies, 2016]

ESTREA EN NUMAX: 07.10.2016 | V.O.S.E. | +12

A Quiet Passion (2016, 125')

Dirección: Terence Davies

Guión: Terence Davies

Reparto: Cynthia Nixon, Jennifer Ehle, Duncan Duff, Keith Carradine, Jodhi May, Joanna Bacon, Catherine Bailey, Emma Bell, Benjamin Wainwright, Annette Badland

Montaxe: Pia Di Ciaula

Son: Johan Maertens

Dirección de arte: Manolito Glas

Vestuario: Catherine Marchand

Fotografía: Florian Hoffmeister

Produtora: Hurricane Films, Potemkino (Reino Unido)

Distribuidora: Golem

Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

FILMOGRAFÍA

Sunset Song, 2015

The Deep Blue Sea, 2011

The Time and the City, 2008

La casa de la alegría, 2000

La biblia de neón, 1995

El largo día acaba, 1992

Voces distantes, 1988

The Terence Davies Trilogy, 1984

FESTIVALS

Londres 2016

(competición oficial)

SINOPSE

Historia dunha paixón reflicte a vida da poeta norteamericana Emily Dickinson, desde a súa infancia e a súa etapa escolar en Amherst aos seus anos escribindo en total illamento recluída en casa de seus pais. E, por suposto, conta as súas excentricidades e cómo durante a súa vida foron publicados só sete dos seus poemas, xa que a súa poesía só acadou sona tras a súa morte en 1886.

«Un filme excepcional cunha ardente interpretación de Cynthia Nixon. É unha moi fiel recreación do mundo de Dickinson, mais nunca resulta estática.»

Geoffrey Macnab. THE INDEPENDENT



HISTORIA DUNHA PAIXÓN

[Terence Davies, 2016]

«Emily Dickinson foi unha adiantada ao seu tempo»

Entrevista a Terence Davies
por Dustin Chang

Fixeches *Sunset Song* e *Historia dunha paixón* unha tras outra. A quen lle temos que dar as grazas?

Ben, non foi algo desexado, senón un verdadeiro accidente. Ten que ver co diñeiro, como sempre sucede. Non tiñamos cartos de abondo para gravar *Sunset Song* e a post produción alongouse moito tempo, de novo por causa do diñeiro. Namentres xa escribira o guión de *Historia dunha paixón* e rematei filmándoa case ao tempo. Foi algo que nunca me tiña sucedido.

É marabilloso non ter que agardar oito anos para poder ver un novo filme teu.

Encántame a poesía de Emily Dickinson. Coido que é a meirande poeta do século XIX nos Estados Unidos. Coido que a primeira vez que lin algo dela tiña 9 ou 10 anos, foi *The Song of Hiawatha*, e nunca o esquecerei. Coido que Dickinson foi un auténtico xenio e unha adiantada ao seu tempo. Os seus mellores poemas son sinxelos mais destilan un despoamento absoluto. Por iso son tan poderosos.

Historia dunha paixón é o teu segundo filme en Norteamérica, gravado en Massachussets.

Gravamos moi pouco en América. Por causa da falta de diñeiro gravámolo fundamentalmente en Bélxica pois moitos actores belgas teñen moi bo acento norteamericano. Daquela reconstruímos unha répica exacta da casa de Dickinson con dous teitos separados. Foi extraordinario. Mais nos Estados Unidos só gravamos tres días ou así. Non nos podíamos permitir máis. Toda a produción foi perfecta, non tivemos nin un só problema do comezo ao remate. Absolutamente marabillosa, especialmente tras *Sunset Song*, que foi terríbel.

Como traballou Cynthia Nixo o papel de Emily Dickinson? Está extraordinaria. Ela é Emily Dickson! Hai un plano no que se dá a volta e é realmente ela.

Publicado en <http://screenanarchy.com/>

«A cuestión do xénero atópase en cada poema que Dickinson escribiu»

Entrevista a Cynthia Nixon
Por Lia Fietz

Pódesnos falar máis de Emily Dickinson, a quen intepretas no filme? Ela é unha gran poeta.

Adorábaa sendo nova e sigo a querela. Tiña un gran cerebro e unha personalidade complexa. Non é habitual interpretar a alguén con tantas caras. Ela podía ser encantadora mais tamén amarga e case cruel.

Os amores de Emily foron sempre un enigma. Coidas que isto se solventa no filme?

Non sei se se resolve, mais coido que amosamos un bo número de facetas dela. Se era lesbiana ou non non me parece a cuestión principal. Se me preguntas sobre se algunha das paixóns amorosas que ela tivo foron físicas, non o sei. Se queres a miña opinión, que non é definitiva, diría que ela namorouse tanto de homes como de mulleres e eran romances apaixonados e dolorosos, na súa ruptura.

Era unha rebelde para o seu tempo.

Alguén me preguntou se coidaba que Emily Dickinson se tería definido a si propia como feminista, e coido que non. Coido que estaba profundamente interesada no xénero e na igualdade entre homes e mulleres. Mais coido que non era unha persoa que se implicase explicitamente en movementos políticos. Todo ficaba no persoal e por iso é tan extraordinaria a transcendencia da súa voz.

Considérala unha icona feminista?

Abofé, mais sen esquecer que é unha poeta que pasará á posteridade. É a poeta máis famosa de Norteamérica e non a causa do xénero, aínda que a cuestión do xénero se atopa en cada poema que ela escribiu.

Publicado en: <http://indienyc.com/>
Traducións: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Poesías completas I, II, III e IV, Emily Dickinson. Visor, 2013

71 Poemas, Emily Dickinson. Lumen, 2015

Algunos poemas, Emily Dickinson. Comares, 2016

Algunos poemas más, Emily Dickinson. Comares, 2016

Antología bilingüe, Emily Dickinson. Alianza, 2015

Cartas al mundo, Emily Dickinson. Renacimiento, 2016

Cartas al mundo y otros poemas, Emily Dickinson. Libros del Zorro Rojo, 2016

Crónica de plata, Emily Dickinson. Hiperón, 2001

El viento que comenzó a mecer la hierba, Emily Dickinson. Nórdica, 2012

La poesía temprana de Emily Dickinson. Universitat de Valencia, 2006

La soledad sonora, Emily Dickinson. Pre-textos, 2001

Poemas, Emily Dickinson. Tusquets, 2006

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME